

ORDENANZA FISCAL Nº22 REGULADORA DA TAXA POLA APERTURA DE PROSPECCIÓNS OU GABIAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E CALQUERA REMOCIÓN DO PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA.

NATUREZA, FUNDAMENTO E FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 1

Este Concello, en virtude das facultades que lle confiren os artigos 48, 117 e concordantes da Lei 39/88, do 28 de decembro, e ó obxecto de fixa-la contía e demais aspectos necesarios para axiliza-la xestión e recadación da Taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais pola APERTURA DE GABIAS OU PROSPECCIÓNS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E CALQUERA REMOCIÓN DO PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA, acorda:

SUXEITOS PASIVOS

ARTIGO 2

1.- Son suxeitos pasivos da Taxa regulada nesta Ordenanza as persoas ou Entidades ás que se lles outorguen ó seu favor as licencias ou quen se beneficie ou realice os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.

2.- Así mesmo están obrigados ó pago da Taxa regulada nesta Ordenanza, as persoas ou Entidades que destrúan ou deterioren o dominio público local, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 39/88, do 28 de decembro, aínda cando fosen as mesmas persoas ou Entidades interesadas quen efectúe a súa reposición, así coma os gastos que orixine o control de calidade dos pavimentos e a comprobación de densidades alcanzadas no tapado de gabias.

RESPONSABLES

ARTIGO 3

Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os arts. 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei Xeneral Tributaria.

CONTÍA

ARTIGO 4

A contía da Taxa regulada neste acordo será a que figura na seguinte:

TARIFA

m/l

-APERTURA DE GABIAS EN XERAL:

	€
1. Beirarrúas pavimentadas	1,38
2. Beirarrúas non pavimentadas	0,72
3. Calzada das rúas pavimentadas	3,46
4. Calzada das rúas non pavimentadas	2,07

-PARA A CONSTRUCCIÓN DE CÁMARAS DESTINADAS Á INSTALACIÓN DE SERVICIOS NA VÍA PÚBLICA.

	€
1. Beirarrúas pavimentadas	6,94
2. Beirarrúas non pavimentadas	3,46
3. Calzadas pavimentadas	13,82
4. Calzadas non pavimentadas	6,94

	€
O importe dos dereitos a percibir por cada apertura de gabía será, como mínimo	34,56

XESTIÓN

ARTIGO 5

1.- As persoas ou Entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal á que se refire esta Taxa; deberán presentar solicitude acompañada de plano, detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do Concello. Con carácter previo á autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou Entidade interesada no aproveitamento pagará o importe da Taxa en calidade de depósito previo.

2.- A liquidación do depósito previo practícase tendo en conta os datos formulados polo interesado.

3.- O depósito previo non causará ningún dereito e non faculta para realiza-las obras, que só poderán levarse a cabo cando se obteña a licencia.

4.- A liquidación, practicada conforme ás normas anteriores, elevaráse a definitiva unha vez que recaia resolución sobre a concesión da licencia, e se ésta fora denegada, o interesado poderá insta-la devolución dos dereitos pagados.

5.- Considéranse caducadas as licencias se despois de concedidas transcorren trinta días sen comenza-las obras. Unha vez iniciadas éstas, deberán seguir sen interrupción.

6.- Cando se trate de obras que deben ser executadas inmediatamente polos graves prexuízos que a demora puidera producir (fugas de gas, fusión de cables, etc.) poderán iniciarse as obras sen obter a autorización municipal coa obriga-ción de solicita-la licencia dentro das vinte e catro horas seguintes ó comenzo das obras e xustifica-la razón da súa urxencia.

7.- Cando se trate de autorizacións xa concedidas e prorrogadas, liquidaranse e notificaranse ós suxeitos pasivos e esixiranse os períodos que sinala en epígrafe da tarifa e no prazo de un mes.

DEVENGO

ARTIGO 6

1.- O devengo da Taxa regulada nesta Ordenanza, nace no momento de solicita-la licencia para realizar calquera clase de obra na vía pública, ou dende que se realice a mesma, se se procedeu sen autorización.

2.- O pago da Taxa realizarase por ingreso directo na Depositaria Municipal ou onde establece-se o Alcalde-Presidente.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

ARTIGO 7

A 1 de xaneiro de 1999 queda derogada a Ordenanza Reguladora do Prezo Público pola apertura de prospeccións ou gabias en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública.

ENTRADA EN VIGOR

ARTIGO 8

A presente ordenanza, foi aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 2 de novembro de 1998 e entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Fecha modificación actual:

Publicado BOP (novo texto como taxa): 17/12/1998